

América Méndez Acuña

Na madrugada do 13 de decembro de 1936, América Méndez Acuña foi ás agachadas ata o lugar da Torre, na parroquia de Salcedo, para recoller o restos do seu pai, o dirixente da Federación Obreira de Marín, Manuel Méndez Montes, que a véspera fora asasinado polos fascistas na casa matriz da nai de América, Manuela Acuña. Alí o agochara a súa familia política xunto ao seu compañeiro José Manuel Gómez Corbacho e á muller deste, Elvira Lodeiro. Os dous homes estaban no alboio e os fascistas prendéronlle lume. A muller estaba dentro da casa e foi detida, condenada á morte e fusilada. Igual que a irmá de Manuela, Consuelo Acuña. Igual que o irmán, Ramón Acuña.

No día daquela noite en que América foi recoller os restos calcinados do seu pai para levalos na cabeza ata o cemiterio de Lourizán, os fascistas déranlle unha malleira ao seu curmán, o fillo adolescente de Consuelo, que nacera cunha discapacidade psíquica. Tivérao de solteira e, co fusilamento da súa nai, quedaba só. América, que daquela tiña 26 anos, e a súa nai, Manuela, fixéronse cargo del.

Conta o fillo de América, Manuel Estévez Méndez, que o seu curmán Manuel estaba na casa o día que os cívicos fixeron a batida e déronlle unha malleira pensando que finxía a súa discapacidade. Despois soltárono e seguírono polo monte para ver se a discapacidade era certa ou non.



Ademais, roubáronlles aos Acuña todo o que tiñan: gando, viño... leváronllo todo.

Manuel Méndez era de Salcedo pero estivera emigrado en América. Cando regresou, cos cartos gañados mercou terras e marchou para Lourizán. Logrou empregarse en Marín como carpinteiro de barcos e a súa filla América, que daquela tiña nove anos, ía desde Lourizán andando para levarlle a cesta da comida.

Cando Manuel foi asasinado, Manuela, a nai de América, foi vivir co home desta, Andrés Estévez Crespo, a pesar de que ao principio se opuxera á voda porque Andrés era zapateiro, dunha familia de pescadores, e Manuela quería para a filla alguén con terras que se puideran traballar para sacar a fame.

No tempo da barbarie, Andrés foi chamado a filas no bando nacional:

“O meu pai marchou a loitar a Teruel pero coñecía un médico que lle deu algo para que se marease. Pensaron que morrera e deixárono na cuneta. Recollérono no camión dos mortos ata que volveu en si e mandárono para a casa cunha ferida nunha perna”.

Tiña daquela a mesma idade que a súa muller, América: 26 anos. Manuel Méndez e Manuela Acuña tiñan ademais dous fillos varóns chamados Germán e Remigio. Despois de que lle mataran o home, Manuela viviu do agro e América traballou de mariscadora algún tempo.

Manuela tiña outro irmán, Francisco, que tamén marchara a Lourizán desde Salcedo, e tamén foron os cívicos buscalo. A súa filla Peregrina lembraba volver da escola e ver a súa casa rodeada polos gardas, que non chegaron a levar o pai grazas á intercesión dun sacerdote. A filla de Francisco nunca falou na casa do que pasara pero, cando empezaron os actos de recuperación da memoria histórica, atreveuse a lembrar os seus tíos. Choraba con tristeza por unha morte que, a pesar dos anos pasados, seguía sen comprender. E, a pesar de que no 36 só tiña nove anos, para ela Víctor Lis era a besta negra, un sanguinario, non existía para ela ninguén peor. Era todo o contrario que o seu tío Ramón, ao que sempre defendeu como “un home bo”.

A memoria oral apunta a delación dunha persoa emparentada coa familia Acuña Iglesias como a orixe da batida que o 12 de decembro realiza a garda cívica para deter os agochados. O historiador Xosé Álvarez Castro conta no seu libro *Pontevedra nos anos do medo* que uns vinte compoñentes da organización capitaneada por Víctor Lis, máis catro gardas civís mandados polo cabo Jesús Barja, chegan a Salcedo sobre as cinco da mañá. A crónica que logo publicaría *O Progreso* recollía que cando Ramón Acuña saía para acudir ao seu traballo como mecánico do tranvía detivérono e entraron no seu domicilio, onde atoparon a súa



irmá Consuelo e a Elvira Lodeiro, esposa de Gómez Corbacho. Sempre segundo este xornal, confesaron o paradiro deste e de Méndez Montes, ocultos nun alboio próximo á casa. Os cívicos prendéronlle lume e, cando os ocupantes saíron disparando, foron tiroteados polos gardas. No *Diario de Pontevedra* a versión variaríase, explicando que Ramón Acuña foi atopado dentro da casa, e non de camiño ao traballo, e que os cívicos o obrigaron a el a prenderlle lume ao alboio, do que intentou escapar Gómez Corbacho cando foi tiroteado por un axente. Non así Manuel Méndez que, segundo este xornal, pereceu queimado dentro. Unha versión que parece coincidir máis coa da familia que narra que foi a propia filla de Manuel Méndez, América, recoller na noite seguinte aos feitos os restos calcinados do pai.

Difire tamén do *Progreso* na detención de Elvira Lodeiro. Segundo o *Diario de Pontevedra*, non se atopaba na cama senón que se ocultou e foi atopada unha hora despois na bodega da casa onde se ocultara utilizando unha trampa disimulada no piso. O que está contrastado, e así o recolle Álvarez Castro, é que tanto ela como Ramón e Consuelo Acuña Iglesias foron xulgados na mañá do día seguinte, domingo 13 de decembro, nun consello de guerra en procedemento sumarísimo e a condena foi pena de morte “de acordo co previsto nos bandos militares para aquelas persoas que ocultasen reclamados por actividades contrarias ao golpe militar”. Ao día seguinte, ás catro da mañá do luns 14, entraron en capela no cuartel da Garda Cívica, sito na rúa Benito Corbal, rexeitando os auxilios espirituais. Un piquete da garda cívica, capitaneado polo propio Víctor Lis, levou a cabo o fusilamento na avenida de Monte Porreiro. Consuelo tiña 60 anos e Ramón, 42.

Elvira Lodeiro conseguiu un aprazamento da sentenza alegando que estaba embarazada. Porén foi fusilada na tarde dese mesmo sábado, 19 de decembro. Os fascistas aseguraron que o recoñecemento médico descartara o estado de gravidez. Matárona aos 28 anos deixando dúas criaturas orfas: Pilar e Manolita, que só uns días antes perderan tamén o pai. Pilar marchou cunha tía a América e Manolita foi criada por un matrimonio amigo de Elvira, o formado por Petra Calleja e o seu home, o socialista Mauro Caballero.